
CANTO DE NADAL

Texto de CHARLES DICKENS

Ilustracións de ROBERTO INNOCENTI

Tradución de CARLOS ACEVEDO

Encadernado en cartonné. 21,5 x 29 cm. 152 páx. 25 €

Canto de Nadal (galego)

ISBN 978-84-8464-774-4. Fóra de colección.

Canção de Natal (castelán)

ISBN 978-84-92608-49-2. Fóra de colección.

Uma canção de Natal (portugués)

ISBN 978-989-8205-73-5. Fóra de colección.

*–E que lle queres –respondeu o tío– se vivo nun mundo de tolos coma este? Bo Nadal! Xa está ben de Nadal!
Para ti que é o Nadal, á parte dunha época para pagar facturas sen ter cartos; unha época en que descubres que es un ano máis vello e nin sequera un chisco máis rico; unha época para facer balance da contabilidade e encontrar todos os gastos de doce meses a deber? Se aquí mandase eu –dixo Scrooge indignado–, a todos eses idiotas que andan por aí con iso de «bo Nadal» na boca habían de queimalos vivos e enterralos cunha estaca de acivro chantada no corazón. Alá! –Tío! –queixouse o sobriño.
–Sobriño! –respondeulle o tío de mal xenio–.
Ti queda co teu Nadal e a min déixame co meu.
–Co seu Nadal! –replicou o sobriño de Scrooge–.
Pero se vostede non celebra o Nadal.*

Ambientado en Londres na época victoriana, “Canto de Nadal”

é un clásico inesquecible da literatura universal ilustrado

por un dos máis prestixiosos artistas internacionais.

KALANDRAKA preséntao nunha cuidada edición

para gozar dunha lectura que enxalza o espírito navideño.

Os tres Fantasmas do Nadal Pasado, Presente e Futuro


revelaranlle ao avaro Scrooge canta cobiza, desprezo, soidade

e desamor están a arruinar a súa vida. Un libro esencial

que destaca pola riqueza e pola precisión do texto de Dickens

e das imaxes hiperrealistas de Innocenti, que ofrecen

múltiples perspectivas visuais.



■ **Temática:** o espírito navideño fronte á avaricia.

■ **Idade recomendada:** a partir de 10 anos.

■ **Aspectos destacables:** clásico da literatura universal; do ilustrador de “A historia de Erika”, “As aventuras de Pinocho” e “La casa”, editados por KALANDRAKA.

Charles Dickens

(Inglaterra, 1812-1870)

A súa nenez estivo marcada polo encarceramento do seu pai e polo traballo nunha fábrica. Tras desempeñar varios oficios, conseguiu un posto como xornalista no Parlamento e, posteriormente no *The Mirror of Parliament* e *The Morning Chronicle*. Os seus primeiros relatos breves, que datan de 1833, asinounos co pseudónimo de Boz na publicación *The Monthly Magazine*. Tivo moito éxito como escritor polo seu estilo humorístico, irónico e tendente á crítica social, pero cultivou outras facetas: editor de semanarios, autor de libros de viaxes, simpatizante de colectivos sociais, poñente en seminarios sobre propiedade intelectual e abolición da escravitude. “Canto de Nadal”, unha das súas principais obras literarias, publicouse en 1843.

Roberto Innocenti

(Florencia, 1940)

De formación autodidacta, iniciou a súa traxectoria artística nun estudo de animación; tamén traballou na diagramación de libros e no deseño de cartaces para cinema e teatro. Ilustrou textos de Eta Hoffmann, Charles Perrault, Oscar Wilde e Christophe Gallaz. As súas obras publicáronse en todo o mundo. Entre outras distincións, recibiu a Mazá de Ouro na Bienal de Ilustración de Bratislava, a Medalla de Prata da Sociedade de Ilustradores de Nova York e o Premio Hans Christian Andersen en 2008.

www. **kalandraka** .com

comunicacion@kalandraka.com
